



Concello de Mugardos
(A Coruña)

18 Procedemento

Código SIA

Expediente: PLN/2022/17

Trámite Acta.- Acta de sesión

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO CON DATA TRINTA DE NOVEMBRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS

Cadro de asistencias	
Concelleiro/a	Asistencia
Juan Domingo de Deus Fonticoba	Asiste
José Miguel Mahía Prados	Asiste
Jorge Manuel KuntzPeiteado	Asiste
Begoña Roldós Iglesias	Asiste
Ana Varela Bastida	Asiste
Argemino Varela Filgueiras	Asiste
María del Pilar Diaz Otero	Asiste
Iván Martínez González	Excusa a súa asistencia
María Dolores González Lorenzo	Asiste
Irene Toimil Fernández	Asiste
Ignacio Fernández Fernández	Asiste
José Ángel Martínez Bardanca	Asiste
Marta Ruiz del Ganso	Asiste

Coa presenza da Interventora municipal, Ana María Gómez Peña.

Actuando como secretaria, a titular do posto Paula E. Ramos Díaz.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

No Salón de Sesións do Concello pola Presidencia declárase aberta a sesión ás dezanove horas e trinta e tres minutos.

1º.-SECRETARÍA.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 26.10.2022 (2022-0016).- Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria realizada polo Pleno con data 26.10.2022 para os efectos de dar cumprimento ao establecido no artigo 91.1º do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Non suscitándose debate ningún e non formulándose alegación ou observación ningunha, en votación ordinaria, aprobouse polo voto favorable dos membros asistentes á mesma (doce votos a favor)

2º.-FACENDA.- EXPEDIENTE 569/2022. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2021.Inicia o exame deste punto da orde do día a secretaría dando conta da elevación do expediente aberto na ferramenta de administración electrónica Gestiona 569/2022 á consideración da Comisión Especial de Contas segundo sesión realizada con data 26.10.2022:

“...
“

1.- Expediente 569/2022. Aprobación, se procede, da Conta Xeral correspondente ao exercicio 2021.

Sometida a votación a proposta de dictame favorable de aprobación da Conta Xeral correspondente ao exercicio 2021, para a súa posterior aprobación polo Pleno da Corporación, a comisión informativa por 5 votos a favor (5PP) e 4 abstencións (3PSOE, 1BNG), acorda ditaminar favorablemente a citada proposta, nos seguintes termos:

“**Primeiro.-** Aprobar a **CONTA XERAL** desta Entidade, correspondente ao **exercicio 2021**, nos propios termos en que aparece rendida, e co seguinte resumo nas principais magnitudes patrimoniais e económico-financeiras:

Balance de situación a 31.12.2021: Total Activo= Pasivo e Patrimonio Neto	24.503.605,93 €
Conta do Resultado Económico-patrimonial: Aforro	229.907,57 €
Estado de cambios patrimonio neto.Patrimonio a 31.12.2021	23.422.981,30 €
Resultado Orzamentario axustado	628.020,51 €
Inmovilizado material: Saldo Final a 31.12.2021	21.433.398,25 €
Tesourería: Saldo Final a 31.12.2021	995.797,61 €





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais	1.291.701,60 €
Acredores por operacións devengadas	148.658,20 €

Segundo.- Que o expediente da Conta Xeral se expoña ao público, en unión dos seus xustificantes e do ditame da Comisión Informativa Especial de Contas , polo prazo de quince días hábiles, previa publicación do correspondente anuncio no B.O.P., a fin de que poida ser examinado durante dito prazo e formularse polos interesados as reclamacións, reparos ou observacións que estimen pertinentes durante o mesmo, conforme ao disposto no artigo 212.3 do TRLRF.

Terceiro.- Que unha vez rematado o prazo de información pública e o sinalado para formular reclamacións, reparos e observacións, sométase dita Conta Xeral á aprobación do Pleno da Corporación en unión das reclamacións, reparos e observacións debidamente informadas por la Comisión Informativa de Contas e Facenda, si se presentaran.

Cuarto.- Que, previa aprobación da mesma polo Pleno da Corporación, o expediente da Conta Xeral se renda ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas en cumprimento do disposto no artigo 212.5 do TRLRFL.”

Así mesmo da conta da publicación de anuncio no BOP de A Coruña nº 206 de 31.10.2022, sen que no perioro de alegacións se teña presentando reclamación ou observación ningunha segundo se desprende do certificado de secretaría de 24.11.2022 estendido en base ao informe previamente emitido pola funcionaria responsable do Rexistro Xeral de esa mesma data.

Lectura ditamen

Debate:
Primeira quenda de intervencións:
José Ángel Martínez Bardanca, portavoz do grupo municipal PSDG-PSOE. É a segunda vez que se presentan contas no ano e van votar a favor por canto é un documento técnico. Pero como hai unha xestión detrás se que van a fai unhas observacións. Hai un problema de xestión tanto no estado de fluxos de caixa, que reflicte que no concello non teñen a liquidez suficiente en cada momento. Hai diñeiro a final de ano pero non nos fluxos. Tamén pese ao compromiso na amortización dos bens do inmovilizado (posible depuración para que estivese ben calculado e inventariado). E segue a ser unha demanda. Continúase cos reparos das contratacións. Xa se falou no mes de marzo coa conta do ano 2020. Xa non se pode poñer a excusa do tempo do equipo de goberno. Hai tamén un problema cos





Concello de Mugardos
(A Coruña)

ingresos atrasados. Non se cumpriron os compromisos en materia de persoal. E tampouco se viron reforzados os persoais de intervención e secretaría pero é que non gastou o que tiña que gastar. Polo que pide traballo para que as cousas fáganse mellor.

Debate:

Segunda quenda de intervencións:

José Miguel Mahía, concelleiro delegado de Facenda, Persoal e Participación Cidadá. Vai a dar números. O mellor é comparar a conta do ano 2020 coa do ano 2021. A conta reflicte un profundo cambio sobre todo en materia de espectáculos polas especiais cautelas en materia prevención COVID-19. E iso é un feito obxectivo. Regularizouse o contrato do SAF, rozas de parques. Tamén é certo que está a custar sacar outros contratos nos que é necesario reformular os pregos. Este ano saldouse a débeda co concello de Ares. Analiza os datos do activo de xeito comparativo. Solicitouse a Deputación que se realizase un inventario e como na primeira experiencia o resultado non foi positivo, xa non queren prestar o auxilio. Prosegue con outras magnitudes. Fíxose un importante exercicio de contención de gasto corrente sen prexuízo de levar a cabo a xestión oportuna. Mellorouse en todos e cada un dos indicadores do ano 2021 respecto ao 2020. E admite que hai camiño para seguir traballando.

Rematado o debate e sometido a votación ordinaria, por oito votos a favor (5 PP+3 PSdG-PSOE) e catro abstencións (3 EU-SON EN COMUN e 1 BNG), o Pleno de conformidade co sinalado para tal efecto no artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se presta aprobación ao texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais adoptou o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a **CONTA XERAL** desta Entidade, correspondente ao **exercicio 2021**, nos propios termos en que aparece rendida, e co seguinte resumo nas principais magnitudes patrimoniais e económico-financeiras:

Balance de situación a 31.12.2021: Total Activo= Pasivo e Patrimonio Neto	24.503.605,93 €
Conta do Resultado Económico-patrimonial: Aforro	229.907,57 €
Estado de cambios patrimonio neto.Patrimonio a 31.12.2021	23.422.981,30 €





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Resultado Orzamentario axustado	628.020,51 €
Inmobilizado material: Saldo Final a 31.12.2021	21.433.398,25 €
Tesourería: Saldo Final a 31.12.2021	995.797,61 €
Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais	1.291.701,60 €
Acredores por operacións devengadas	148.658,20 €

Segundo.- Remitir o expediente da Conta Xeral se renda ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas en cumprimento do disposto no artigo 212.5 do TRLRFL

3º.- SECRETARÍA.- MOCIÓN PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE PARA RECLAMAR A BAIXADA DAS TAXAS DA AUTORIDADE PORTUARIA.- Con data 19.10.2022, número rexistro de entrada 2022-E-RPLN-20, preséntase moción polo grupo municipal PSdG-PSOE que tras unha exposición de motivos somete a consideración do pleno o seguinte acordo:

“...

O Pleno do Concello insta á Autoridade Portuaria Ferrol-San Cibrao a:

Adoptar de maneira urxente os acordos precisos, seguindo os trámites legalmente establecidos, para alcanzar a bonificación máxima permitida na lexislación aplicable de todas as taxas que actualmente non se atopan exentas ou no seu máximo legalmente establecido, co fin de promover a competitividade e sustentabilidade económica e ambiental da actividade portuaria e contribuír ao combate da crise industrial que está a padecer a comarca de Ferrolterra, especialmente ante a situación causada pola guerra en Ucraína.”

Debate:

Primeira quenda de intervencións:


José Ángel Martínez Bardanca, portavoz do grupo municipal PSdG-PSOE. Explica os motivos da presentación da moción dando lectura ao seu texto íntegro.

José Miguel Mahía Prados, portavoz do grupo municipal PP. Considera que o grupo PSdG-PSOE incorre en certas incoherencias respecto do contido da moción e do manifestado no punto anterior da orde do día, en especial en relación á guerra en Ucraína. Xustifica que as taxas son de competencia estatal e enumera a normativa da que traen causa. Polo que indica que é o Ministerio o que fixa o seu importe así como das posibles bonificacións. Lembra ademáis que como figura tributaria deben cubrir tan só os custes.





Concello de Mugardos
(A Coruña)



Debate

:

Segunda quenda de intervencións:

José Ángel Martínez Bardanca, portavoz do grupo municipal PSdG-PSOE. Malinterpretouse o sinalado en canto á guerra en Ucraína. E o único que se indica na moción é que que ten que tomar a iniciativa é a Autoridade Portuaria con independencia de quen sexa o quen goberné. Polo que se reitera no texto da moción que non van a modificar.

Rematado o debate e sometido a votación ordinaria, de conformidade co sinalado nos artigos 22 e 25.1º da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e correlativos da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, por catro votos a favor dos grupos municipais PSOE e BNG, tres abstencións EU-SON EN COMÚN e cinco votos en contra do grupo municipal PP, o Pleno **acorda**

Primeiro.- Rexeitar a moción presentada polo grupo municipal PSdG-PSOE, procedendo ao arquivo do expediente.

4º.- SECRETARÍA.- MOCIÓN MOCIÓN PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA ÁS MEDIDAS PARA O FOMENTO DO SISTEMA DE TRANSPORTE PÚBLICO POR ESTRADA.- Dáse conta da presentación con data 18.11.2022, número rexistro de entrada 2022-E-RPLN-22, de escrito de moción polo grupo municipal BNG:

“... ”

O Grupo Municipal do BNG do Concello de Mugardos presenta para o seu debate en pleno a seguinte moción.

Exposición de motivos:

O transporte colectivo de carácter público é un elemento fundamental á hora de vertebrar o noso país, cumprindo tamén unha labor social á hora de democratizar o





Concello de Mugardos
(A Coruña)

acceso ao transporte e garantir que áreas con complicacións engadidas na súa comunicación, poidan tela.

Alén de este valor, o transporte público –sempre partindo do seu carácter inclusivo, garantindo a adaptación á mobilidade de todas as persoas- é de vital importancia á hora de facer máis sustentábel o desprazamento de persoas por estrada, polo que un bo servizo público de transporte axudará a reducir o número de vehículos persoais nas estradas e polo tanto as súas emisións, así como de accidentes ou colapsos e ruídos nos espazos urbanos.

Ademais hoxe máis ca nunca se pon de manifesto a importancia do transporte público, dada a crise enerxética, económica e social que dificulta os desprazamentos continuados no transporte privado e os gastos que estes supoñen.

Segundo o INE, unhas 150.000 persoas desprázanse diariamente entre diferentes concellos galegos, xa sexa por traballo, estudos ou xestións de calquera tipo. A maioría destes desprazamentos son realizados en vehículos particulares, xa que, tal e como sinalan expertas da UDC (Universidade da Coruña), o servizo de transporte público non é útil para a maior parte destes desprazamentos, por falta de horarios, itinerarios e paradas.

Dende a instauración do último plan de transporte de Galiza, son milleiros as queixas de persoas usuarias, colectivos e traballadores ante este novo modelo no deseño das licitacións públicas e da súa execución ou posta en práctica.

Este novo plan de transporte está a deixar unha Galiza peor comunicada e un servizo máis precarizado, con eliminación de horarios, itinerarios e paradas, cuestión que repercute negativamente na vida diaria da sociedade galega.

O noso futuro como sociedade debe pasar por un transporte público forte, que xogue un papel indiscutíbel en canto á vertebración do noso territorio, que funcione tamén como un elemento que garanta a igualdade de oportunidades para todas as galegas e galegos e que nos achegue tamén á redución das emisións contaminantes cara unha sociedade máis limpa.

Para que isto sexa así é necesario fomentar o uso do transporte público, non limitándose a facer pasar por medidas esenciais as complementarias, que sendo estas positivas, non resolven os problemas estruturais. Segundo o estudo antes citado, unha parte importante da sociedade galega non utiliza o transporte público porque non o ve atractivo, ou en outras palabras, non lle é útil ou está moi lonxe de cubrir as súas necesidades.

Cubrir estas necesidades actualmente conséguese cun reforzo en itinerarios e horarios, facendo que se cumpran as condicións do servizo e que este sexa accesíbel economicamente para as usuarias. Medidas como as anunciadas para o período entre setembro e decembro, cunha bonificación do 50% non é unha medida suficiente para un fomento real do transporte público.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o **Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego** somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes **ACORDOS**:





Concello de Mugardos
(A Coruña)

1.- Instar ao Goberno Galego a fomentar o uso do transporte público por estrada, aplicando, cando menos, as seguintes medidas:

- a) Reforzo do servizo en concepto de itinerarios, horarios e paradas dispoñibles, tanto nas conexións coas cidades coma no transporte intracomarcal e rural.
- b) Instauración dunha tarifa plana para usuarios recorrentes e bonificacións aplicando criterios sociais, tales como situación de desemprego, rendas baixas, persoas pensionistas etc.
- c) Posta en marcha bonificacións para a mocidade, ligadas ao Carné Xove, para as persoas que excedan a idade máxima da Tarxeta Xente Nova e gratuidade no transporte público para estudantes.
- d) Gratuidade das autovías dependentes da Xunta de Galiza.

2.- Instar ao Goberno Galego a un reforzo no control e inspección, a todos os niveis, no cumprimento dos contratos asinados coas empresas concesionarias.”

Debate:

Primeira quenda de intervencións:

Argemino Varela Filgueiras, portavoz do grupo municipal BNG. Realiza un resumo do sentido de la moción. Indica que no caso da comarca é caótico por que non se axusta nin as demandas, horarios ou coas obrigas contractuais da empresa obrigando a utilizar o vehículo privado, cunha orientación contraria ás actuais demandas impostas polo cambio climático e o contexto socioeconómico, dando lectura de seguido aos pronunciamentos da moción.

José Ángel Martínez Bardanca, portavoz do grupo municipal PSdG-PSOE. Considera a prestación do servizo moi mellorable.

Rematado o debate e sometido a votación ordinaria, de conformidade co sinalado nos artigos 22 e 25.1º da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e correlativos da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, por oito votos a favor dos grupos municipais, EU-SON EN COMUN, PSOE e BNG e cinco absteencións do grupo municipal PP, o Pleno **acorda**

Primeiro.- Instar ao Goberno Galego a fomentar o uso do transporte público por estrada, aplicando, cando menos, as seguintes medidas:

- a) Reforzo do servizo en concepto de itinerarios, horarios e paradas dispoñibles, tanto nas conexións coas cidades coma no transporte intracomarcal e rural.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

- b) Instauración dunha tarifa plana para usuarios recorrentes e bonificacións aplicando criterios sociais, tales como situación de desemprego, rendas baixas, persoas pensionistas etc.
- c) Posta en marcha bonificacións para a mocidade, ligadas ao Carné Xove, para as persoas que excedan a idade máxima da Tarxeta Xente Nova e gratuidade no transporte público para estudantes.
- d) Gratuidade das autovías dependentes da Xunta de Galiza.

Segundo.- Instar ao Goberno Galego a un reforzo no control e inspección, a todos os niveis, no cumprimento dos contratos asinados coas empresas concesionarias.

5º.- SECRETARÍA.- MOCIÓN PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE PARA A RECUPERACIÓN DA LIÑA DE AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS PARA A CREACIÓN E O MANTEMENTO DE OFICINAS MUNICIPAIS DE INFORMACIÓN AO CONSUMIDOR.- Dáse conta da presentación de moción polo grupo municipal PSdG-PSOE con data 22-11-2022, número rexistro de entrada 2022-E-RE-2169, no que tras unha exposición de motivos elévase á consideración do pleno o seguinte acordo:

“...
“

Por todo o exposto, O Concello de Mugardos insta á Xunta de Galicia para que, a través do IGCC, estableza unha liña suficiente de axudas ás entidades locais para que estas podan exercer as competencias que se lles teñen atribuído na Lei 2/2012 de 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias e, concretamente, que permitan establecer ou reabrir OMICs nas mesmas.”

Debate:

Primeira quenda de intervencións:

José Ángel Martínez Bardanca, portavoz do grupo municipal PSdG-PSOE. Explica o sentido da moción e da lectura ao seu texto.

José Miguel Mahía Prados, portavoz do grupo municipal PP. No momento actual calquera veciño/a pode presentar a súa reclamación en SIR. A axuda que se concedía para prestar o servizo non acadaba nin ao 50% por canto se debía seleccionar a persoas con titulación universitaria. No momento da negociación da RPT non se solicitou en momento ningún a necesidade de contactar a esta clase de persoal ao que se une as dificultades e limitacións impostas á contratación de persoal laboral temporal.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

José Miguel Mahía, concelleiro delegado de Facenda, Persoal e Participación

Debate:

Segunda quenda de intervencións:

Argemino Varela Filgueiras, portavoz BNG. De acordo co fondo máis o seu grupo se vai a abster por canto non se trata dunha competencia obrigatoria nos concellos de menos de 20.000 habitantes, polo que se debería apoiar a prestación do servizo a través de mancomunidades ou outro tipo de fórmulas asociativas. E é coñecedor de que o número de reclamacións presentadas é moi pequeno.

José Miguel Mahía, Portavoz do grupo municipal PP. Sinala que o servizo debe ser prestado pola Xunta de Galicia ou por mancomunidades de municipios.

José Ángel Martínez Bardanca, portavoz do grupo municipal PSdG-PSOE. Nonten indicado quen debe prestar o servizo se non que se exprese e se poña a vontade. Trátase dunha moción conxunta presentada en todos os municipios de Ferrolterra mñais xa pensada antes por que se tiña falado coa veciñanza que ten demostrado o seu interese polo incremento de presos e pon por exemplo a subida do prezo do gas. E xa que as TICs non chegan que se poñan os medios.

Alcalde. Quere trasladar a súa opinión persoal. Hai unha oficina de consumo na Xunta con persoal especializado, polo que non considera que ni tan siquera se tña que ocupar a Mancomunidad.

Rematado o debate e sometido a votación ordinaria, de conformidade co sinalado nos artigos 22 e 25.1º da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e correlativos da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, por tres votos a favor do grupo municipal PSOE, catro abstencións grupo municipal EU-SON EN COMÚN e BNG e cinco votos en contra do grupo municipal PP, o Pleno **acorda:**

Primeiro.- Rexeitar a moción presentada procedendo ao seu arquivo.

6º.-SECRETARÍA.- MOCIÓN URXENTES.

1
0

Avda. de Galicia, 45. Tfños.981470338-981470290-981471701 Fax.981472017- 15620 Mugardos
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4



Cod. Validación: 9CJ5XNEZCj0RAHHWSSHAP3G4 | Corrección: https://mugardos.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 15



Concello de Mugardos
(A Coruña)

7º.- SECRETARÍA.-ESTADO DE EXECUCIÓN DE ACORDOS PRECEDENTES. Por parte de secretaría dáse lectura á dilixencia asinada con data 24 de novembro de 2022: “Esténdoa eu, secretaria da corporación, para deixar constancia do estado de execución dos asuntos precedentes e que son os que seguen:

“EXPEDIENTE 276/2022. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 01/2022.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e pola Resolución da Alcaldía núm. 2022-0662 acordouse ordenar o pagamento das relacións contables de facturas F/2022/1, F/2022/5 e F/2022/8.

EXPEDIENTE 2100/2021. XUSTIFICACIÓN DO 50% INICIAL DA ACHEGA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA AO CONCELLO DE MUGARDOS PARA A FINANCIACIÓN DO GRUPO DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL (GES). ANUALIDADE 2022.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Deputación Provincial de A Coruña a documentación xustificativa relativa ao convenio de colaboración para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais (GES-2022). Acordándose, pola Resolución da Deputación Provincial de A Coruña núm. 2022-44541, aprobar o pago ao Concello do 50% inicial da subvención concedida.

EXPEDIENTE 555/2022. MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DOS COMEDORES ESCOLARES MUNICIPAIS: APROBACIÓN INICIAL. Uniuse certificación do acordo ao expediente e publicouse no Boletín Oficial da Provincia no taboleiro de anuncios do Concello dispoñible no portal de internet <https://mugardos.gal/es/>, na sección de Transparencia anuncio de apertura da fase de información pública da modificación do Regulamento dos comedores escolares municipais e no espazo de participación na elaboración de normativa da páxina web do Concello, sen que se tivese presentado reclamación nin suxerencia ningunha, publicándose no Boletín Oficial da Provincia núm. 213, de data 10.11.2022, anuncio de aprobación definitiva do Regulamento dos comedores escolares municipais do Concello de Mugardos.

Expediente 1776/2022. CALENDARIO LABORAL 2023. Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse certificación do acordo adoptado á Xefa de sección do SMAC da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

EXPEDIENTE 1912/2022. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS MC 05/2022. Uniuse certificación do acordo ao expediente e publicouse anuncio de información pública no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello, estando o expediente a disposición dos interesados na sede electrónica do Concello, e sen que no prazo de presentación de alegacións se teña presentado alegación alguna, constando certificación de





Concello de Mugardos
(A Coruña)

secretaría comprensiva de tal extremo, téndose publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 203, de data 26.10.2022, anuncio de aprobación definitiva do expediente de modificación de créditos MC 05/2022, de créditos extraordinarios e suplementos de créditos, financiados con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

EXPEDIENTE 1919/2022. RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 02/2022. Uniuse certificación do acordo ao expediente, acordándose pola Resolución da Alcaldía núm. 2022-0876 ordenar o pagamento da relación contable de facturas F/2022/20 e pola Resolución da Alcaldía núm. 2022/1043 ordenar o pagamento da relación contable de facturas F/2022/26.

EXPEDIENTE 869/2022. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 13. Uniuse certificación do acordo ao expediente, publicándose anuncio de aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia e poñéndose a disposición na sede electrónica do Concello e no Rexistro Xeral do Concello o formulario “Participación na elaboración da Normativa”, procedéndose, así mesmo, á publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e no portal de transparencia, nos que estará dispoñible o certificado do acordo e os informes técnicos municipais.

EXPEDIENTE 870/2022. MODIFICACIÓN PARCIAL REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL AS LAGOAS. Uniuse certificación do acordo ao expediente, publicándose anuncio de aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia e poñéndose a disposición na sede electrónica do Concello e no Rexistro Xeral do Concello o formulario “Participación na elaboración da Normativa”, procedéndose, así mesmo, á publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e no portal de transparencia, nos que estará dispoñible o certificado do acordo e os informes técnicos municipais.

EXPEDIENTE 2081/2022. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DE ADHESIÓN AO PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS E MEDIDAS ANTIFRAUDE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA (PREMADECOR). Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Deputación Provincial da Coruña certificación do acordo adoptado.

EXPEDIENTE 261/2022. RECLAMACIÓN LIQUIDACIÓNS IAE 2021 REGASIFICADORA DEL NOROESTE. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ACORDO DE RESOLUCIÓN EXTRAJUDICIAL QUE POÑA FIN AO PROCEDIMENTO NÚM. 244/2021, ABERTO NO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE FERROL. Uniuse certificación do acordo ao expediente.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

EXPEDIENTE 2381/2022. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL PP, DE ADHESIÓN AO MANIFESTO POLA PESCA, O MARISQUEO, A ACUICULTURA E A CADEA MAR-INDUSTRIA EUROPEAS PROMOVIDO POLA XUNTA DE GALICIA Uniuise certificación do acordo ao expediente.

MOCIÓN PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG EN RELACIÓN Á SANIDADE PÚBLICA. Uniuise certificación do acordo ao expediente.”

8º.- SECRETARÍA.- RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DENDE O DERRADEIRO PLENO ORDINARIO QUE COMPRENDE AS NUMERADAS ENTRE O 2022-0989 AO 2022-1114.

Non se realiza pregunta ou aclaración ningunha.

9º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Rogos

José ángel Martínez Bardanca formula dous rogos:

- SAF un dos complementos salariais é pola quilometraxe e desde xuño non aparecía este concepto de pago e non deben ser elas as que adianten este diñeiro.

- Nestas últimas semanas na zona do peirao hai un valo que está a ocupar máis espazo do necesario e hai un establecemento que está a impedir o paso adecuado por esa zona. E agora está pechada. Xa se presentou na Comisión de Urbanismo.

O concelleiro delegado da área de Facenda, Persoal e Participación Cidadá aclara xa pagado máis para iso ten que estar conformado polas traballadoras e presentado mes a mes.

Ignacio: - Soluciónese os problemas dos contedores no peirao e agora na zona da praza do mercado. - Infórmese se despois(o que pasou por pedir que se peche tras....). Alcalde: non procede e xa lles adelanra que non vai pedir un informe sobre iso. Jorge: xa se liquidou algúns e outros pendentes de que se traia o material.

- SAF uno de los complementos era por el kilometraje y desde junio no parecía este concepto de pago y no deben ser ellas las que adelanten este dinero.

- En estas últimas semanas en la zona del muelle hay una valla que está ocupando más espacio del necesario y hay un establecimiento que está impidiendo el paso adecuado por esa zona. Y ahora está cerrada. Ya se ha presentado en la Comisión de Urbanismo ya que caminar por el mulle cada vez es más complicado y que se retiren los elementos que no se usen.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Miguel: ya pagado después del pleno y para ello tiene que estar conformado por las trabajadoras y presentado mes a mes.

Ignacio Fernández Fernández:

- Solúciónese os problemas dos contedores no peirao e agora na zona da praza do mercado.
- Infórmese se despois(o que pasou por pedir que se peche tras....).

Alcalde: non procede e xa lles adianta que non vai pedir un informe sobre iso.

O concelleiro delegado de Obras, Servizos TICs: xa se liquidou algúns e outros pendentes de que se traia o material.

Preguntas

José Ángel Martínez Bardanca, portavoz do grupo municipal PSdG-PSOE (reprodúcese segundo escrito presentado con data 29 de novembro de 2022, número rexistro entrada [2022-E-RPLN-23](#)):

- Pregunta dirixida ao Alcalde ou concelleiro de área correspondente:

“El Puntrack de O Baño se esta usando, sobre todo los fines de semana. Esta obra no se ha inaugurado, no sabemos si ya se ha terminado o no. Entendemos que no porque faltan algunos elementos fundamentales como la cartelería con las normas de uso y de seguridad obligatorias o la información de los centros médicos cercanos por si se produce un accidente o urgencia. Tampoco cuenta con alumbrado, papeleras, bancos o una fuente o toma agua. Por otro lado, con las primeras lluvias se ha producido pequeñas inundaciones en alguna zona del recorrido. Por todo lo expresado pregunto: ¿Se van a realizar estas actuaciones para terminar esta obra? ¿Cuándo se tiene previsto inaugurar el Puntrack de O Baño?”

Resposta o concelleiro delegado de área de Obras, Servizos, Medio Ambiente e TICs:

- Pregunta dirixida ao Alcalde ou concelleiro de área correspondente:

“En la relación de facturas con levantamiento de reparo vemos facturas por servicio de limpieza y desbroces durante el verano por valor superior a 8000 euros. A este gasto habría que sumar el contrato de desbroces 150,000 EUROS y el personal contratado por la subvención de la diputación PEL que tambien realizan las mismas tareas. Esto supone que el gasto en limpiezas y desbroces durante este año se ha incrementado sustancialmente en relación a años anteriores. A pesar de ello en el pueblo no se ha apreciado una mejoría. ¿Se plantean preparar alguna modificación en el planteamiento de la limpieza y los desbroces para el próximo año, como por ejemplo contratar a los empleados municipales cuyas plazas están vacantes en la RPT, modificar la periodicidad de los desbroces en el contrato o contratar a los trabajadores subvencionados por el PEL de la diputación en otras fechas?”

Resposta o concelleiro delegado de área de Obras, Servizos, Medio Ambiente e TICs: o día 08.11.2022 a empresa contacta coa directora e desde o día 15 está colocado o cartel.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Contrastou con outras pistas e non hai solucións mellores. En canto á auga implicaría fai un importante investimento. O mobiliario urbano non está no proxecto e se se fai sen consentimento da Deputación pode entender que se está modificando. Pero tras a recepción colocárase o mobiliario. As recepcións óbrase faise co parecer da Deputación. Sinala que aínda que non estea recibida non implica que non poida ser utilizada.

Nos PCAP hai un apartado de melloras. É a primeira vez que se contrata este tipo de servizos. levan catro pasadas de rozas. E pregunta se hai algún concello dos arredores que leven catro pasadas. E pon outros exemplos como en Ferrol ou en Cabanas. Hai dúas estradas provinciais nas que ata en catro ocasiónes solicitouse que se cortasen ata o patrón de Franza- O Seixo. E contestouse que podería levar a cabo en setembro. E a inacción doutra institución non se pode causar un malestar aos veciños. E hai ademais rozas por limpeza de leiras con propietarios descoñecidos. E en canto ao PEL as bases de deputación non se axustaban á nova normativa laboral. E ante a falta de contestación pola Deputación, levantouse o reparo e prestouse o servizo. En canto ás vacantes RPT contestará o concelleiro de persoal.

Concelleiro delegado de Facenda, Persoal e Participación Cidadá: a política de persoal do concello negóciase: estabilización, RPT, carreira profesional e bolsa de estudos. Tan só hai unha vacante e iso non vai liquidar os problemas das beirarrúas no concello.

Concelleiro delegado de área de Obras, Servizos, Medio Ambiente e TICs: Se teñen melloras que as propoñan.

José Ángel Martínez Bardanca : é indiscutible que aumentaron o custo e non se aprecia o cambio. Polo que como din será un servizo mellorable. Polo que interpreta que o ano que vén se levará a cabo antes e había o compromiso ao comezo do seu mandato para sacar unha oferta cada ano.

Sendo as vinte e una horas e sete minutos. do trinta de novembro de dous mil vinte e dous, o Presidente levantou a sesión estendéndose a presente acta da que como secretaria dou fe.

Mugardos, na data que figura na sinatura dixital á marxe

Visto e praxe
O alcalde
Juan Domingo de Deus Fonticoba

A secretaria
Paula E. Ramos Díaz

